



## PROGRAMACIÓN GRUPO B (abril – xuño 2013)




### La catedral, de Vicente Blasco Ibáñez

Segunda das súas novelas sociais ou de rebeldía. En plena crise do 1898, cuxa espoleta quedara identificada no Desastre cubano, o autor levantino bota o resto e destila con furor todas as ideas e peripecias que o seu longo compromiso político acumulara ata forxar unha actitude persoal sustentada sobre dous alicerces básicos: republicanismo e anticlericalismo.

*Información tomada do resumo editorial.*

### Ilustrísima, de Carlos Casares

Un canto á bondade e á humanidade da xente e un alegato en contra do dogmatismo e da violencia. Situada nos primeiros anos do século XX, nunha pequena cidade galega que ben podería ser o Ourense natal de Casares, relata os conflitos entre un bispo intelixente e bo e algúns dos membros máis intransixentes da curia diocesana, enfrontados entre si por culpa da chegada do cinematógrafo.



*Información tomada do resumo editorial.*



### Todo cuanto amé, de Siri Hustvedt

Fermosa novela que nos achega á complexidade das relacións humanas, ao mundo da arte e a diferentes patoloxías psicolóxicas. Leo, un profesor de arte, de orixe europea e marcado polas persecucións nazis a súa familia, iranos narrando a forma en que coñeceu ao pintor Bill Wechsler, a raíz de mercar un cadro seu e como a partir dese momento ambos estarán unidos por unha profunda amizade.

### A pensión Eva, de Andrea Camilleri

Camilleri abandona temporalmente ao personaxe do inspector Montalbano e entrega unha novela sobre a infancia e a adolescencia na Sicilia da 2ª Guerra Mundial onde os cuartos da Pensión Eva, na vila de Vigàta, convértense en refuxio dos seus habitantes. Esa estraña "pensión" é unha presenza misteriosa para Nenè, un rapaz que, ata que logra penetrar na casa, non esperta á vida completamente.

*Información tomada do resumo editorial.*

